Sr. Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

O profesorado abaixo asinante, perante a proposta presentada pola Consellería de Educación no proxecto de Decreto que se regula as ensinanzas da ESO e no que se estabelecen as cargas horarias para as materias desta etapa educativa, queremos manifestar o seguinte:

- Preténdese aprobar os currículos sen ningún tipo de información nin debate e sen buscar os consensos ou aceptacións suficientes entre o profesorado.
- Trátase dunha proposta desequilibrada, xa que tanto o ámbito artístico como o tecnolóxico ven reducida a carga horaria que teñen na actualidade. Ás materias de Educación Plástica e visual, Música e Tecnoloxía redúceselle nun 40% e nun 43% respectivamente.
- Non resulta aceptábel, por exemplo, que a materia de Relixión teña unha carga horaria superior, no conxunto da etapa, as materias anteriormente citadas .
- Non é xustificábel que mentres que a Relixión ve incrementada o seu horario en relación as ensinanzas mínimas fixadas polo MEC, a materia de Tecnoloxía, Música e Plástica, malia a pérdida importante de carga lectiva que sufriu, continúa coa mesma, atribución docente que a fixada polo MEC.
- Non é moi afortunado que mentres isto sucede, a materia de Educación para a Cidadanía incremente o seu horario nun 50% respecto á propostas do MEC e que se cree unha nova materia (Proxecto Interdisciplinar) que non ten sen ningún tipo de xustificación.

Se a Consellaría non muda a posición haberá profesorado interino que perderá o seu posto de traballo, profesorado que se lle suprimirá a súa praza, profesorado desprazado e profesorado que terá que impartir outras materias

En consecuencia reclamamos da Consellaría que modifique a súa proposta co obxecto de conseguir un maior equilibrio entre as diferentes áreas que pasa por outorgar maior carga horaria ás materias de Tecnoloxía , Música e Plástica .Así propoñemos ampliar a carga lectiva de Tecnoloxía até 6 horas, a de Música a 4 e a de Plástica e Visual a 5 horas de impartición obrigatoria en toda a ESO, atendendo á seguinte distribución. Plástica e Visual impartirían 3 en 1º e 2 en 3º. Música 2 en 1º e 2 en 2º e Tecnoloxía 3 en 2º e 3 en 3º. Estas horas sairían da redución de Relixión, Educación para a cidadanía e a supresión do Proxecto interdisciplinar. Ademais no relativo a 2º Lingua estranxeira entendemos que debe ter un horario obrigatorio de 2 horas en 1º e 2 en 2º e logo o resto do horario, optativo

Nome e apelidos	D.I.	sinatura